XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP SAN XOSÉ OBREIRO

Travesa de Meirás, s/n, Meicende
15140 Arteixo (A Coruña)
Tfno: 881 880 214 / Fax: 881 880 216
ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro

galicia

CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Estimadas familias:
Ante a fin deste curso 2020-21, convén ter en conta os seguintes aspectos:

Entrevistas co profesorado

Se desexades ter unha entrevista de final de curso pódese solicitala para o día 28, luns, en horario de 10:00 a 13:00 horas. Despois de dito día, só se recibirán as visitas que estean plenamente xustificadas e con previa petición de hora por teléfono.

Alumnado de 6º curso de Ed. Primaria que promocione á ESO

De acordo ca normativa establecida para a Ed. Primaria, as familias do alumnado de 6º curso **deberán acudir ao Centro o día 28, luns, en horario de 10 a 13 horas, para retirar o Historial Académico**, e deberán asinar o recibín correspondente. En caso de imposibilidade pódese **autorizar** a recollida de dito documento a outra persoa adulta **por escrito, indicando o DNI**. Tamén se entregará o sobre de matrícula para o IES Pastoriza.

Fondo solidario de libros de texto, axudas de material escolar e vales

Lembrade que o 22 de xuño remata o prazo para a presentación de solicitudes de axudas, fondo solidario de libros de texto e material escolar para Educación Primaria. As listaxes tanto de beneficiarios coma de libros de texto para o curso escolar 2021-2022 publicaranse no taboleiro do centro.

Dado que o centro foi admitido no proxecto E-Dixgal, o alumnado de 5º e 6º de primaria utilizará material dixital e non terá libros de texto o curso que vén. Para este alumnado só se tramitarán as axudas de material escolar.

No caso de ter dereito, **as datas de entrega dos vales correspondentes serán os días 5 e 6 de xullo**, en horario de 10:00 a 13:00 horas, na secretaría do centro. Para poder retiralos haberá que asinar un recibín persoalmente. No caso de imposiblidade **pódese autorizar a recollida por escrito, a outra persoa adulta**, indicando o DNI de ámbalas dúas, autorizante e autorizada. **En caso de extravío non se expedirá outro vale**. As modificacións publicaranse na páxina web do centro e/ou no taboleiro de anuncios do colexio. De xurdir algún problema alleo ao centro, a entrega dos vales realizarase na primeira semana de setembro.

Comedor Escolar

O vindeiro curso seguirá a funcionar o servizo de comedor escolar e madrugadores, cun réxime similar ao que está a ter na actualidade. **Para mais información pregámosvos contactedes ca ANPA** nos teléfonos 605 54 57 29 ou 619 28 03 91.

Comezo do próximo curso

As clases darán comezo o día 9 de setembro, en horario de 9 a 14 horas. O Colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de dito mes. En caso de querer cambiar a opción relixiosa/valores cívicos, deberedes comunicalo antes do dito día.
O alumnado de 4º de educación infantil de novo ingreso incorporarase segundo o período de adaptación que se expoñerá a primeira semana de setembro no taboleiro de anuncios do Centro.

Aproveitamos para despedir afectuosamente ao alumnado de sexto de primaria, desexándolle moita sorte na nova etapa que se iniciará en setembro. E ao resto... que pasedes un feliz verán!